


REVISTA ESCOLAR
ESPERPENTO



Nº 25
XUÑO 2006



CEIP DE CAMPOLONGO (PONTEVEDRA)

EDITORIAL

A Revista Escolar Esperpento chega este curso ó número 25 para converterse un ano máis nun expoñente da realidade educativa da nosa vida escolar: actividades desenvolvidas o longo do curso, artigos de fondo escritos polos nosos alumnos, reportaxes fotográficas, análises descritivos das saídas do centro,.....

Facer un percorrido por tódolos eventos que tiveron lugar no colexio o longo de todo o curso non sería posibel porque precisaríamos moito espazo, pero seríamos inxustos se non facemos unha mención especial ás convivencias que se mantiveron cos colexios de A Lama, Hío e Froebel; a colaboración coa Residencia de Maiores de Campolongo, coa Comisión de Festas de San José, co Centro de Arte Ma-Te, coa Asociación Española da Camelia, etc.



Tamén queremos destacar a visita que o día 30 de maio fixo ó centro a Conselleira de Educación acompañada do Alcalde de Pontevedra, do Delegado de Educación e do concelleiro de Educación para revisar o funcionamento de comedor escolar que se puxo en marche este curso e para comprobar o estado de conservación do colexio e as necesidades que presenta. Pediuse que dende a Consellería se atendan algunhas obras de reforma que mellorarían a calidade de ensino: un patio cuberto para Educación Infantil, unha escaleira mecánica para facilitar o acceso a planta superior de alumnos e mestres con dificultades motóricas e a adaptación do laboratorio para transformalo en catro aulas e aproveitar así mellor os espazos. ¡Confiamos en que sexan atendidas estas peticións!

Queremos adicar a revista deste ano a tres profesores que deixan a súa actividade docente porque se xubilan: Dna. M^a Jesús Rodríguez Rodicio, Dna. Emilia Clapés Cons e D. Eduardo Seco Pérez. A comunidade educativa desexamos moita felicidade nesta nova etapa da vosa vida e ó mesmo tempo que remos felicitaros polo voso traballo docente.

E por suposto tamén queremos facer unha mención especial para os alumnos de 6^o que este curso rematan os seus estudos no colexio para irse o Instituto, onde vos desexamos moita sorte e pedirvos que non deixedes de visitarnos porque en Campolongo seguides tendo o voso colexio.

E xa para rematar, dende o mirador da Revista Esperpento, desexar a tódolos membros da comunidade educativa de Campolongo unhas felices vacacións e que, estedes onde estedes, sexades felices.

José Carlos Otero López

Revista: Esperpento

Nº 25

Ano de publicación: 2006

Colabora: Comunidade Educativa de Campolongo

Correccións: Equipo de Normalización Lingüística

Co agradecemento a tódolos colaboradores coa
Revista Esperpento





Saída ó xardín botánico de Lourizán

Hoxe, mércores, día vinteoto de Setembro, fomos ó parque de Lourizán cos profesores. Cando baixamos do autobús, antes de explorar os arredores, presentáronos á chica que ía dicirnos de quen foi, de quen é a día de hoxe, ou si aquelas plantas estaban en perigo de extinción.

Primeiro comezou dicindo que fora de Eugenio Montero Ríos, unha persoa tan importante que chegou a ser presidente. El mercou a finca e fixo traer árbores de Arxentina, Brasil, Australia, China, híbridos de Asia... Tamén mandou construír un Pazo para facer as reunións nos veráns, tomándose alí os acordos do goberno de toda España.

Pero agora esta finca, xora da natureza, pertence á Xunta de Galicia.

A finca é moi grande. Primeiro comezamos vendo o invernadoiro acristalado e de ferro, donde gardaban o banano porque alí había un clima moi cálido.

Continuamos a visita vendo o roble americano, caracterizado polas follas puntiagudas. Tamén vimos a árbore do amor ou árbore de Xudas, porque conta a historia que crecen para o lado no que se aforcou o apóstolo arrepentido de traicionar e vender a Xesús por vinte moedas de prata.

Logo vimos laranxeiras; cerdeiras, pinos como o canario, que non teñen pólas e que todas as follas están pegadas ó tronco, e que cando o queimas se queda algunha semente volve a nacer; e carballos que foron salvados da enfermidade que os mataba moitos anos atrás mezclándoos con outras árbores.

Tamén visitamos unha estación meteorolóxica que tiña un anemómetro para medires a velocidade do vento, un pluviómetro e unha torre que graba os datos e os envía a un ordenador.

A continuación fomos a ver os arredores do pazo, un edificio moi grande todo de pedra, rematado nos extremos por dúas torres, e no alto coas iniciais dos propietarios entrecruzadas, "E" de Eugenio e "A" de Avelina, a súa muller.

Vimos un regato no que se inspiraba Montero Ríos, unha corva e un soto. Pasado o mediodía, rematou a visita, levando como recordo castañas, bellotas... Espero poder volver a este sitio tan bonito.

Álvaro Escobar Rivas

VOLVO OCEAN RACE



Vouvos contar a V.O.R. que eu vivín.

Fai aproximadamente un ano ;o 12 de Novembro do 2004, meus pais, miña irmá e eu fomos a Sanxenxo para ver uns fogos artificiais que simbolizaban o comezo para conta atrás da V.O.R. Eu non sabía o que era,mais os meus pais explicáronme que dentro dun ano saíria de Galicia unha regata de barcos de vela moi importante. Máis adiante spin que había un español o "Movistar" e que tiña a súa base en Sanxenxo.

Durante o verán o vin varias veces; sempre en seco, nunca navegando. O fin de Outubro dixéronme que ían a inaugurar o "Village" é algo así como unha feira de mostras onde hai "stands" dos equipos oficiais e os patrocinadores.

O 31 de Outubro pola tarde fomos a vela; chovía bastante e por tanto non había moita xente.

Algúns "stands" estaban pechados: Ericsson e outros eran privados ABN-AMRO; outros bastante tontos: Estrella Galicia, Caixa Nova, Caixa Galicia e un par de bares.

No da Volvo déixante subir os coches e tiñan un simulador de cómo sóbense as velas e en unha pantalla víase pola forza se eras capaz ou non.


No de Brasil había moi bo ambiente e a xente era moi simpática, regaláronme un sombreiro para a praia.

No Movistar ensináronme nós mariñeiros, eu fixen un e tamén fixen unha pulseira co meu nome en linguaxe de bandeiras.



O final fomos ó simulador dos holandeses "ABN-AMRO" que con roupa de augas e todo parecía que te levaban a dar un paseo no seu barco.




No Movistar había unha réplica do barco español por dentro. Impresionoume a pouca luz, o tamaño; non había camas para todos e non tiñan nada, nin duchas, nin mesas, nada. Xa de volta a casa meus pais dixéronme que o fin de semana íamos a pasalo ali polo que habería que face-los deberes antes de saír.

O venres 4 pola tarde fomos outra vez porque chegaron todos os barcos. Chegamos no momento que ían entrando e presentándoos enfocándoos con unhas luces, foi precioso; ali foi cando os vin por primeira vez:




ABN-AMRO I	HOLANDA
ABN-AMRO II	
ING-DIRECT	AUSTRALIA
MOVISTAR	ESPAÑA
ERICSSON	SUECIA
PIRATAS DO CARIBE	EEUU
BRASIL I	BRASIL






O día seguinte as 11 h fômonos a ver a primeira regata que era pola Ría de Pontevedra era a unha pero había que coller bo sitio; levabamos cámara de fotos, vídeo, prismáticos, bocadillos e a esperar. Non había vento e cara as tres, saíu pero con pouco vento e nada vistosa. Vovemos pola noite onde vimos un espectáculo francés de uns equilibristas moi bonito e moi difícil e despois fogos na praia e fixemos centos de fotos e moita película.



O Domingo había dentro da V.O.R. unha regata de catamaráns. Sopraba un vento moi forte e os barcos parecían que voaban por encima da auga; foi marabilloso; outra vez centos de fotos.

Os outros barcos tamén saían a ría, xa os coñecía e os distingo perfectamente só polos cores. Así fômonos preparando para o gran día e a gran hora.





Levantámonos pronto e marchamos para Vigo outra vez o mesmo equipaxe, vídeo, fotos, prismáticos, bocadillos e auga.

Meus pais levaban uns planos onde se podía ver ben pero sen rumbo seguro.

Aparcamos o coche e tiramoslacia a peirao de transatlánticos que era onde estaba a saída.

A xente ía abraiada maiores, nenos, de todo, cállés cortadas e policía e garda civil por todos os lados.

Cando chagamos ó peirao de transatlánticos pasamos un control de seguridade, vironos as mochilas, e pasamos por un detector de metais como o de Facenda.

Cando chegamos a ó peirao, ali estaba o portaavións "Príncipe de Asturias" e non deixaba ver, nos apoiamos ali pois dixéronnos que íase para o medio da ría como así foi e quedábanos unha visión preciosa. Así que xa colocados a esperar; pois que se comes bocadillos; se bebes auga se fas fotos, pero non hai vento.



Sobre a 1 h pasa a patrulla Aguiá do Exército do Aire (os pilotos que fan piruetas no aire) é precioso un montón de fotos. Xa son a 1.30 h comeza a soprar vento; os barcos comezaron a moverse e a soltar as súas velas.



Son as 2 h, desde o Gotteborg II dispara un canonazo o Rei Xoán Carlos e saen os barcos que vanlaca dentro dando así unha volta pola Ría, cando xa dan a volta e enfilan cara a fóra comeza a chover e soprar o vento pois os barcos voan nese momento.

Saen miles de barcos que cobren a ría e estaban parados, incorporáanse acompañándoos ata a saída da Ría. Pouco despois deixou de chover e as riadas de xente ían en sentido contrario; dirixíndose as súas casas e os seus coches.

Eu penso que levarían a mesma impresión que eu teño, ver un espectáculo marabilloso e difícil de volver arepetirse aquí, nunha das nosas Rías.



Irene L. Corrochano Vilanova 6ºC




CONCERTO DE INSTRUMENTOS POPULARES GALEGOS


O día 12 de Xaneiro fomos ver un concerto de instrumentos populares galegos. Había moitos instrumentos algúns son estes: o bombo, o tambor, a gaita, o requinto, a requinta, o saxofón, a pandeireta e a zanfona. Os que máis me sorprenderon son a requinta e o requinto. O instrumento que máis me gustou e o bombo e o tambor. O bombo, o tambor e a pandeireta son instrumentos de percusión. A requinta, o requinto, a gaita e o saxofón son instrumentos de vento. A zanfona e un instrumento de corda. Tamén actuou o Sr. Cholo que facía de cego, cantaba e tocaba cunha zanfona. Paréceme un instrumento difícil de tocar porque con tanta tecla non hai quen se aclare. Tocaron moitas cantigas pero so me lembro de dous títulos: unha desas e A Rianxeira. Mentres eles tocaban nos cantamos. A outra chamábase De Vigo a Pontevedra pero non sabiamos a letra.

Gustoume moito.

Tambor




Requinta



Gaita



Pandeireta



Zanfona


Elisa Vázquez Barbero 4º C

A CAMELIA CONSOLÍDASE COMO RECURSO DIDÁCTICO NO CEIP DE CAMPOLONGO

O día 14 de marzo tivo lugar a inauguración do IV Concurso Exposición da Camelia de Campolongo. Ó acto asistiron o Alcalde do Concello de Pontevedra, o Concellero de Educación, a Concelleira de Parques e Xardíns, o Director da UNED, a Presidenta da Asociación Española da Camelia e unha representación da ANPA.




O máis salientabel desta actividade é que se conviriu nun extraordinario recurso didáctico, nun elemento motivador e favorecedor do proceso de aprendizaxe para os alumnos. Como consecuencia, o Claustro de Profesores vémonos na obriga de seguir potenciando esta iniciativa para afianzala definitivamente como un atractivo evento anual, identificador da comunidade educativa de Campolongo.



Un ano máis se confirmaron os pronósticos e vímonos gratamente sorprendidos pola calidade e beleza da exposición, dos debuxos, das redaccións e fotografías presentadas a este concurso-exposición que cada vez terá menos de concurso e máis de exposición. En lotes de flores foron máis de 60 os presentados polos alumnos e 20 expositores externos. Algúns deles acadaron o premio de Camelia de Ouro nos concursos da Deputación. En canto a traballos de redacción, poesía, debuxo, traballos artísticos, pintura e fotografía, participaron a totalidade de alumnos do colexio.

Isto supón, sen dúbida, un motivo de orgullo para toda a comunidade educativa do noso colexio.

Polo que representa esta exposición, é de xustiza testemuñar o noso agradecemento a tódalas persoas e institucións que, dun ou doutro xeito fixeron posible a súa organización. Non seríamos xustos se non fixeramos unha mención especial ó equipo de profesores polo despregamento de traballo levado a cabo cos seus alumnos e asemade á Presidenta da Asociación Española da Camelia, Dña. M^a Carmen Salinero, polas súas contribucións, axuda e ánimo. Tamén; ós expositores, pola sensibilidade cara esta convocatoria e á Comisión de Festas de San José, que concede os premios para os destacados.



Esperamos que o vindeiro ano a IV Exposición da Camelia volva a ser un motivo de encontro para todos nós.



O Excmo. Sr. Presidente da Xunta de Galicia estaba invitado a presidir o acto inaugural da IV Exposición da Camelia do colexio pero por ter que viaxar a Arxentina nesa data non puido asistir e mandounos unha carta a que o Director deu lectura no acto de inauguración

SAÚDO DO PRESIDENTE DA XUNTA PARA O CONCURSO DA CAMELIA

A Administración educativa galega non pode menos que congratularse pola existencia de iniciativas como este Concurso da Camelia que organiza, cada ano, o C.E.I.P. Campolongo. Trátase de por en valor esta flor de orixe oriental que conta cunha grande admiración profesada non só polos floricultores, senón tamén pola sociedade galega en xeral, algo que queda patente na salientable presenza desta planta ornamental nos xardíns e parques públicos da nosa comunidade.


Todas as iniciativas encamiñadas a difundir entre os escolares a nosa cultura, neste caso coa organización dun concurso en horario extraescolar, son aplaudidas pola Xunta de Galicia. Digo a nosa cultura, porque a camelia é unha planta ornamental moi presente en diferentes partes de Galicia, pero sobre todo nos vales fluviais das Rías Baixas, onde grazas ao particular ecosistema da zona a flor posúe unha maior potencialidade.

Segundo cifras estimativas, Galicia produce 460.000 unidades de camelia anuais nos seus viveiros, unha cifra moi relevante dentro do subsector de flores e plantas ornamentais de produción galega. Estas cifras revelan que a camelia non só forma parte da nosa paisaxe senón que tamén constitúe un produto, que convenientemente comercializado e distribuído, é importante en termos económicos para a nosa economía agraria.


Quero expresar a miña máis cordial felicitación aos promotores deste Concurso da Camelia de Campolongo, como presidente da Xunta pero tamén como pontevedrés. Se mo permiten, gustaríame facer unha lembranza de carácter moi persoal que ten que ver con Campolongo. Precisamente, aquí realicei o servizo militar e por iso sempre conservarei un particular recordo deste lugar.

Finalmente, non me gustaría despedirme sen animar a todo o sector da camelia, tanto a grandes como a pequenos produtores, a seguir desenvolvendo esta prometedora actividade que presenta ante nós un escenario optimista de cara ao futuro. A organización de concursos como o promovido polo C.E.I.P. Campolongo, contribúe de xeito positivo á súa posta en valor e tamén a lembrarnos que, unha vez máis, estamos ás portas da primavera.

Emilio Pérez Touriño
Presidente da Xunta de Galicia




A exposición escolar da camelia en Campolongo




No colexio de Campolongo, celébrase unha exposición da camelia desde fai catro anos. Este ano participamos en varias modalidades de concursos: fotografías, redaccións, poesías, debuxos, flores naturais e artística. Participamos todos os cursos. Esquixemos os traballos que fixemos nas clases cos titores, nos paneis do colexio. En flores naturais participaron 65 alumnos e nos demais concursos máis de 300 traballos. Tamén participaron 25 cultivadores e expositores de fora do colexio que presentaron variedades de flores e traballos preciosos.


Informámonos co que explicou o titor e as páxinas de internet que trouxeron unhas compañeiras. Tamén participamos nun obradoiro no que aprendemos as formas de reproducir as camelias e resultou moi interesante. O martes 14 de marzo foi a inauguración da exposición e estivo o Alcalde, os Concelleiros e outras autoridades para entregar os premios dos concursos. Vin que bonitas estaban as flores, había de todas as cores: rosas, vermellas, xaspeadas e brancas. O colexio presentaba un colorido moi especial e intenso. Alegreime moito porque dous compañeiros da miña clase, gañaron dous premios: unha debuxou unha flor con papel pinocho, e Enrique fixo un oso con follas, camelias e alfileres. ¡Quedou precioso!

Elisa Vázquez Barbero 4^oC





Os traballos artísticos onde a camelia foi a protagonista contribuíron a realzar a exposición



Os premios os participantes foron entregados polas autoridades que asistiron ó acto de inauguración da IV Exposición da Camelia



Os traballos artísticos onde a camelia foi a protagonista contribuíron a realzar a exposición



Os premios os participantes foron entregados polas autoridades que asistiron ó acto de inauguración da IV Exposición da Camelia



COPLAS MAIOS 2006

4°C

MAIOS

4° A

Lle catmamos a este maio,
Este maio cantareiro,
Para que escoitedes vós (bis)
E tamén o cole enteiro.(bis)

O director do colexio
Quixo ir de pregoeiro
Pero o Santo San Xosé
Saiulle moi chuvisqueiro

Xogaremos, cantaremos
Pasáremolo moi ben
E será mais divertido (bis)
Para o ano que ven (bis)

Neste maio caluroso
Deberíamos cantar
Pero si non aprobamos (bis)
Poderíamos chorar (bis)

Ven a ver o noso maio
Que está moi decoradiño
Con fiuncho e algún ovo
Mírao ¡Qué bonitiño!

Ao noso director
Queremoslle recordar
Porque non poñen columpis (bis)
Que nos os queremos xa (bis)

4° B

Pobreciño o río Gafos
que moi sucio él está,
cos residuos que tiramos (bis)
manchadiño quedará (bis)

Os señores profesores
queremoslle recordar
que o patio que está cuberto (bis)
non é para ir berrar. (bis)

Pedímoslle ós alumnos
que xoguen ó futboliño
que paren cos halonazos (bis)
e xoguen con sentidiño. (bis)

Este ano os de cuarto
falamos pouco inglés
porque o pobre secretario (bis)
ten que arranxar os papéis. (bis)

Os señores profesores
non nos deixan respirar
pois non paran de mandar (bis)
deberes e libros para estudar.(bis)

Marchouse ó Parlamento
este Fraga tan velliño
e deixoulle un sitiño (bis)
ó novo presi Touriño. (bis)

Este maio que fixemos
con os nosos compañeiros
con laranxas e con ovos (bis)
que da casa fomos traendo.(bis)

O colexio é moi vello
pero a nós nos da igual
os profesores do centro (bis)
ben nos han de insinar.(bis)

O profesor de Medio
é o mais esixente
pero non estamos fartos (bis)
de levar os seus deberes.(bis)

Mates, Medio e Relixión
todos mandan traballar
pero en Maio e con calor (bis)
nos queremos ir xogar (bis)

Este maio tan bonito
Este maio xeitosiño
Que fixemos coas froles
Que collimos no camiño

O xogar no recreo
Hai uns nenos moi mimosos
Pero nos lle decimos
Que son xogos de chistosos



OS MAIOS





Manuel Lugrís Freire

Mauna Lima

Manuel Lugrís Freire naceu o 12 de febreiro no ano 1863 na vila de Sada. Tivo dous irmáns máis vellos ca el que se chamaban Plácido e Isolina. Dende o 1877 ata o 1883 viviu nunha casa da aldea de Soñeiro, desde onde acode o concello de Oleiro a traballar como escribán. En 1883 emigra a Cuba, chamado polo seu irmán Plácido que xa vivía ali, e quen lle ensina o oficio de contable (tenedor de libros) que desenvolveu profesionalmente o longo da súa vida. Nese ano, tamén foi nomeado vogal da xunta directiva do Centro Galego da Habana. No 1884 comeza o seu traballo como contable na firma "Otamiendi Amiel" e publica no xornal "El Eco de Galicia" a súa primeira colaboración: un poema titulado "Nostalgia". Tamén publicou a novela curta "O Penedo do crime".



No ano 1.890 entra a traballar na firme "Urisandi Álvarez" e tamén publica o seu libro de poesía "Soñados".

No 1.896 regresa a Galicia coa Cubana de Ascendencia Española Concepción Ota Iglesias, instálase na Coruña e continúa vivindo a súa vida profesional como contable. Participou activamente na tertulia galeguista da Cova Céltica, xunto con Murquía, Pondal, etc.

En 1.898 nace a súa filla Socorro e morre a súa muller.

No ano 1.899 entra nunha forte depresión na que, seica, pensou incluso no suicidio. Nese mesmo ano, publica

"Noitebras", libro de poemas onde combina o pesimismo pola morte da súa muller, con outros de intención social e mítica. No 1.902 cázase con Purificación González Varela, irmá do pintor e escritor rexionalista Urbano González, coa que terá cinco fillos: Manuel, Secundino, María do Pilar, Urbano e Purificación. No 1.903 estrea a obra "A Ponte" no Teatro Principal da Coruña co que inaugurou o teatro galego en prosa.



No 1906 participa como membro de número na fundación da Real Academia Galega.

No 1917 asiste, no leito de morte, a Eduardo Pondal, de quen fai unha fermosa peza oratoria no cemiterio de San Amaro, no seu enterro.

En 1926 morre o seu irmán Plácido en Cuba e publica o considerado seu mellor libro, "Ardencias":

No ano 1930 os veciños de Sada organizanlle unha homenaxe (13 de xuño) pola súa permanente defensa da vila, consistente na imposición do seu nome a unha rúa, a colocación dunha placa de mármore e bronce, na súa casa natal e nun banquete popular.

No 1934 (8 de abril) foi nomeado Presidente da Real Academia Española e no 1935 renunciou á dita presidencia, alegando motivos de saúde.

O 15 de febreiro de 1940, ós 77 anos de vida morre na Coruña.



NORABOIA

Micaela Seoane 6ºA

Noraboa ós fumadores e non fumadores.
Ós non fumadores porque foi o que sempre desexaron e os fumadores porque, cada día; seu corpo irase mellorando e xa non o necesitaran.
Eu alégrome de que este prohibido porque meus pais, que son fumadores, a partir de agora poderán vencer o tabaco e todos teremos unha mellor saúde.

PERIGO

David González 6ºA

Na avenida Fernández Ladreda existe un paso de cebra que está sinalizado. A pesar diso, a maioría dos coches non o respectan. As veces a xente que cruza vese en perigo pola imprudencia dos conductores.
Tamén hai coches aparcados en lugares prohibidos impedindo saír a outros coches.
Nunca hai un policía local, ou garda que observe, cuestione e castigue estas imprudencias.
O concello debería instalar pequenas elevacións para así facer que os coches, polo menos diminúan a velocidade.

UN COLEXIO EN PERIGO

Alexandra Tapia Mirón 6ºA.

O colexio de Campolongo, a principios de Novembro, estivo a punto de arder; así foi como sucedeu: Os nenos estabamos estudiando cando se apagou a luz. O principio pensábamos que era un simple apagón. O pouco tempo soou a alarma; todos pensabamos que era un "simulacro" pero, o chegar ás escaleiras, vimos que saía moito fumo e un cheiro fortísimo. Logo soubemos que era porque os "profes" usaron extintores. Os titores levaron, os nenos, cara as pistas seguindo o plan de evacuación. Explicáronos o que pasaba: O cadro da luz queimarase o se producir un cortocircuito. Viñeron os bombeiros e a policía, revisaron todo e por fin, arranxouse.

Os nenos volvemos ás clases e seguimos traballando, aínda que se luz.
O día seguinte estivemos tamén ás escuras.
Todo quedou nun susto e volveu a normalidade.



ASI TRABALLA A NOSA IMAXINACIÓN



ÓLEO

Pablo Sanchez 6ºA

Óleo é un fantástico guerreiro. Fixo moitas batallas das que saíu victorioso. É rápido, forte, guapo, musculoso, intelixente e aposto. A súa personalidade é guerreira pero tamén tenra e cariñosa. Ten dous fillos e unha esposa. A súa forza é a de Hércules; o seu encanto, de Afrodita, e o espírito guerreiro, de Ares.

OS TROLLS

David Antelo 6ºA

Os trolls son uns seres altos, gordos e fortes. Son verdes e teñen uns ollos pequenos con respecto ó seu tamaño.

Teñen uns grandes grans na cara.

Son seres pouco hospitalarios acostumados a facer combates.

Preparados para calquera ocasión, levan mil artiluxios. Nunca se levaran ben cos Hobbits.

Un día un Hobbit encontrouse cun troll.

Hobbit- (Achegándose) Ti es un troll, ¿non?

Troll- (Ameazante) ¡Largo do noso poboado! Non permitimos a entrada a Hobbits.

Hobbit- veño por encargo do rei, quere que haxa paz entre os dous pobos.

Troll- ¡Xamais haberá paz entre nós!

Hobbit- Dacordo, pero contareillo e haberá guerra.

Troll- (Golpeándoo) ¡Non cho permitirei!


O Hobbit saíu correndo para informar ó rei e este montou unha guerra. Os Trolls perderon e os Hobbits quedaron coas súas terras.



Coa mirada posta en Mozart

¿Sabes que idade tiña Mozart cando comezou a estudar música? Pois tiña catro anos.

Entón xa demostrou que tiña unha gran facilidade e gusto pola linguaxe musical, —xa sabedes que a música é unha linguaxe feita de sons—. O seu pai, que tamén era compositor, chamábase Leopoldo Mozart, e nesa época comezou a darlles ó seu fillo Amadeus e á súa filla Nannerl as primeiras leccións de clavecín. Leopoldo estaba tan seguro de que Amadeus era extraordinario, que chegou a dicir del: "Ese milagre que Deus fixo nacer en Salzburgo". ¿Considerábao un milagre! Salzburgo é a cidade na que nacera ese nenomúsico. Encóntrase en Austria. ¿Sabes cal é a capital de Austria?



1.756

1.791

250



ANIVERSARIO

Cando Amadeus tiña tres anos, púxose a percorrer coas súas mans o teclado do clavecín, sen que ninguén llo dixera. Xogaba a facer soar notas cada tres teclas; isto divertíalle e non quería que viñeran para distraelo nos seus xogos musicais. Ós cinco anos xa facía pequenas composicións sobre o teclado, e ós seis anos quería que as persoas maiores escoitasen o que el «creara» no instrumento. Nesta época foi cando Leopoldo (papá Mozart) decidiu levar ós seus fillos Amadeus e Nannerl (que era maior e tamén tocaba moi ben) a percorrer Europa para que foran escoitados polos príncipes e señores importantes.



A FÁBRICA DE CONSERVAS

O día 15 de marzo fomos a unha fábrica de conservas que se chamaba Alfacame e a un museo que estaban en Vigo. Saímos do colexio ás 9:15, fomos os tres cuartos en autobús. A viaxe foi moi longa. Ó chegar ó museo puxéronnos un vídeo de conservas que duraba 20 minutos. Despois repartíronnos en dous grupos, uns foron ós laboratorios e os outros ó museo, nós, tivemos que ir ó museo. Alí vimos algunhas cousas antigas como lámpadas xigantes, selos, envases de conservas, un despacho e máquinas dos laboratorios para analizar cousas. Ao saír do museo, déronnos unha bolsa cun imán, un libro que falaba sobre o atún, un libro de receitas e un frisvis. Despois tivemos que ir ó cardín a merendar. Ó rematar fomos os laboratorios. Acompañounos un señor de gafas que non sei como se chama, vimos as máquinas que cerran as latas, as que soltan un chorro de aceite. Subimos as escaleiras de un laboratorio, expricounos como se analizaban as latas, faenlle uns buracos, analízanse e imprímese o resultado da análise. Despois saímos a rúa, e a outros laboratorios. Na segunda planta tiñan ratos para darlle o que está dentro da lata, si sé poñen enfermos o alimento non se pode vender, e se esta lo si. Despois tivemos que facer outra viaxe para a fábrica. Esa viaxe non me gustou nada, mareime e casi vomitei. Na fábrica cheiraba moi mal a atún, vimos como cortaban o peixe, como pechaban as latas, como transportaban as latas etc. Ó final déronos unha lata de atún e regresamos para o colexio. Chegamos ás 2:30, e así remata a excursión.

Elisa Vázquez Barbero 4ºC



a todos sabemos que Mozart foi un músico completo e por iso compuxo obras de moi distintas formas.

Na unidade 4 falamos do que é unha Sinfonía. Pois ben, esa é unha das formas musicais. Coñecemos 41 sinfonías numeradas de Mozart, aínda que se cre que compuxo bastantes máis.

Outra forma que utilizou foi a sonata. Com-

puxo 18 para piano só; 38 para piano e violín e 8 tríos. Case todos os tríos para piano, violín e violoncello e un para clarinete, viola e piano, coñecido como Trío dos birlos. ¿Lembrades aquel xogo de fochas que tanto lle gustaba a Amadeus? Pois crese que escribiu o Trío alternando co xogo e por iso recibiu ese título. Logo fixo cuartetos, quintetos e divertimentos –diversións para entreter nas festas– formados por cinco movementos como mínimo, –menos o famoso divertimento Pequena serenata nocturna que ten catro–.

Tamén escribiu óperas como A fruta máxica, As vodas de Fígaro, Don Juan, Bastián e Bastiana (composta cando Mozart tiña 12 anos para teatro de marionetas) e outras moitas obras.



Wolfgang Amadeus Mozart escribiu varias óperas.

A ópera é un espectáculo no que interveñen orquestra, coros, cantantes solistas e, ás veces, ballets.

Antes de levantarse o pano, a orquestra toca unha parte musical que se chama Obertura. Na ópera hai un argumento e uns personaxes, como ocorre no teatro, pero a diferenza está en que no teatro falan e na ópera cantan.

A parte en que canta un só personaxe chámase ARIA; se cantan dous: dúo, etc.




O río Lérez

Características do río Lérez

O río Lérez pertence á vertente atlántica e a súa desembocadura forma a ría de Pontevedra. Nace no monte de San Benito, no parroquia de Millarada (Forcarei), a súa lonxitude é aproximadamente de 60 Km, pasa polos concellos de Forcarei, Cerdedo, Campo Lameiro, Cotobade e, finalmente, Pontevedra. Os seus principais afluentes son: Salgueiro, Cabaleiros, Grande, O castro, Quireza e Almosfrei. Desemboca entre As Moureiras e Poio, formando os esteiros de Lourido e Lourizán, Se encontra situado entre os concellos de Pontevedra, Campo Lameiro e Cotobade.

O Lérez é un dos grandes ríos de Galicia, tanto pola súa beleza como por ser un dos que máis tempo aganta tras acabarse as chuvias. Se trata de unha das zoas de máis alta pluviosidade de Galicia. Bonita paisaxe con paredes de granito conservando na ribeira do río, á vexetación autóctona, o contrario co resto do val no cual o eucalipto o invade todo.

Este río pontevedres ofrece uns sinuosos senderos para pasear por os máis de 50 Km que atravesia a auga, dende que nace na serra do Candán ata que morre na ría de Pontevedra. O seu contorno é riquísimo en aves, insectos vistosos e vexetación ribereña.





Arrededores do río Lérez

Nos arredores do río Lérez dominan os bosques clásicos de ribeira atlántica, con robles, *Agnus glutinosa* y uceiras secas europeas. No referente á vida animal, neste lugar son comúns o azor (*Accipiter gentilis*), o alcón peregrino (*Falco peregrinus*), o moucho de orellas (*Otus scops*) e a alondra das barreiras (*Riparia*).

Tamén se poden ver morcegos tanto da familia dos morcegos grandes de ferradura (*Rhinolophus ferrum-equinum*) como de los pequenos (*Rhinolophus hipposideros*). Non é estraño observar igualmente exemplares de salamantiga galega (*Chioglossa lusitanica*), de lagarto das silvas (*Lacerta schereiberi*), de libélulas (*Macromia splendis*) e de vacalouras (*Lucanus cervus*). Dentro da auga predominan as rás e o salmón.

Ofrece certo interés a súa morfoloxía pétrea. O río está asentado sobre as bandas de quistos micácicos, penetrados por filóns de seixos. Na zoa oeste abundan os granitos de dúas micas o feldespáticas. Preto da desembocadura predominan os gneis glandulares.



Como xa he descrito antes nas orillas do río Lérez abundan numerosas clases de animais. A continuación unha pequena resume de cada animal.

-O azor: É unha rapaz de mediado tamaño, de casi 60 cm de lonxitude e máis de 1 kg de peso.

-O alcón peregrino: É unha rapaz diurna de casi 40 cm de lonxitude e un peso cercano al kg.

-A alondra: É un ave que soe medir entre 50 e 60 cm de lonxitude e pesa entre 80 g e 1 kg.

-A salamantiga galega: É un anfibio urodelo de 12 e 23 cm de lonxitude e entre 35 e 40 g de peso.

-A vacaloura: É un insecto de gran tamaño. O macho pode chegar a medir 8 cm e a femia un pouco menos porque non ten os cornos.

Marta Viana López 6º c



Un día enteiro de festa

O 30 de Abril foi un día grande para o río Lérez, pois o seu concello que realizou un bo traballo de limpeza nel mesmo e hoxe Pontevedra, cidade na que desemboca nunha preciosa ría.

Esta obra é a maior obra pública realizada na cidade.


- 1) Unha tubería grande para eliminar os vertidos (foron eliminados 8 ptos de vertidos.)
- 2) Saneamento de Xunqueira de Alba, Xunqueira do Lérez, Parroquia de Alba, Estación de Bombeo do Burgo.
- 3) Limpeza manual do río.
- 4) Arreglo do colector que rodeaba a cidade.
- 5) Eliminación dos vertidos da Vega do Rous.

Nesta obra: I) Quedou preparado para recoller os residuos unha vez rematado o saneamento rural.

II) Separación das augas residuais de pluviais.


III) Mellorou a conexión co colector e dos Gafos.

IV) Mellorou a conducción hacia a Depuradora Mancomunada de Lourizán.



O día 30 xa pola mañá como rezaba o programa había unha festa. Primeiramente entre á Ponte do Burgo e a ponte da Barca estaba o tráfico cortado. Había barras para tomar refrescos provisionales churrerías e dous palcos para actuacións ademáis de luces en algúns

palcos.



Cando cheguei xa non había mexilóns. Nunha praza o carón do Edificio "O Velero" sonaba a banda de música e había moita xente. Pola rúa xente en bicicletas daba paseos tranquilamente; nenos e maiores con tranquilidade.





Un grupo tradicional tocaba dun lado a outro e un grupo brasileiro que tocaba unido con salsa e bailaron capoeira.



Máis adiante atopamos animación na rúa e uns piratas con grandes zancos e un grupo de piratas tocaban instrumentos de percusión.



Houbo tamén actividades deportivas no río, eu non as vin.

Xa pola tarde máis ben noite, voltei a zoa do río; estaba xa moito máis animada de xente.

Nas Corvaceiras tocaba e cantaba Mercedes Peón e animou a Budiño ó escenario. Na altura do Náutico tocaba unha orquestra e había moitísima xente.

Tocando as doce; comezou a saír fume dos lados do río e unhas imaxes plasmáronse na ponte da Barca nunhas pantallas brancas postas para velas.



Houbo un momento que nos restos da antiga ponte do tres comezou a saír auga en chafair; entón os efectos do laxer e as imaxes coma reflexábensse ahi facendo imaxes coma o movemento das augas, foi moi fermoso.

Aparece o puro Lérez e imáxenes de estrelas e peixes todas de acordo co río. Da parte darrriba da ponte saían uns puntos de laxes en verde que facían uns paraguas que xogaban no ceo e marcaban os cantás onde poñía puro Lérez.






Como remate unha gran cascada de fogos o longo de toda a ponte da Barca.

Para remate deste día decide a zoa da Xunqueira preto do novo cuartel da Garda Civil houbo un castelo de fogos fermosos e moi grande.



Xa a xente comezou a retornar as súas casas non sen antes ir escoltar un pouco a Budiño nas Corvaceiras e levando nos seus ollos tódalas imáxenes vividas preto do río que está ahí, que a diario temos esquecido.





Irene Luisa Corrochano Vilanova 6º C Nº1



VISITA A ZONA MONUMENTAL

- Santo Domingo
- Santa María
- Prazas
- Escudos
- Fontes
- O loro
- Santos



O venres día 12, fomos cos profesores do colexio e unha guía, facer unha visita a zona monumental.



Santo Domingo

O venres fomos primeiro as "Ruínas de Santo Domingo" onde nos dixeron que tiña cinco capelas namentras que as outras de Galicia so tiñan tres.

Praza de Méndez Núñez

Nela está o monumento a Valle Inclán.

Hai unha árbore que está protexida. Nunha das fachadas hai un escudo que representa as familias máis ricas.

Praza do Teucro

Nela hai cinco escudos.

Un deles escudos é o máis importante da zona monumental.

Os escudos

representan

as familias máis ricas que tiña Pontevedra. Se tiñas escudo non pagabas impostos. (Agora iso non serve, aínda que teñas escudo tes que pagar).

Fontes

Sobor da fonte da Ferrería hai un cantar que di "Pontevedra é boa vila, da de beber a quen pasa, A fonte na Ferrería e San Bartolomeu na praza."



O loro Ravachol

É o símbolo do Entroido de Pontevedra. O dono chamábase Perfecto Feijoo e tiña unha botica. O loro falaba ben, e cando viña unha carruaxe e o dono dicía ¡sooo!, o loro dicía ¡arre, arre,!, e os cabalos obedecían ao loro.

Santos

Vimos santos con moitos devotos en Pontevedra:

- Virxe da O, patrona de Pontevedra.
- Santiago Peregrino, que é o Apóstolo Santiago.
- Virxe das Dares
- Cristo Crucificado
- Ecce Homo.
- San Brais, que cura os males da gorxa
- Santa Apolonia, patrona dos dentistas
- Santa María Magdalena, patrona dos ferruqueiros

José Luis Domínguez Rodríguez - 4º A



ENTREVISTA Ó DIRECTOR

¿Por qué fixeron o arranxo do patio en días lectivos e non en vacacións?
 - Polo perigo de derrube que amosaba o muro e por iso non se poido agardar ó remate das clases.

¿Como traballa mellor, como director ou como profesor?
 - Coas dúas funcións síntome plenamente identificado.

¿É complicada a función de director no colexio?
 - Máis que complicada, é a dedicación que require para poder satisfacer as necesidades de toda a comunidade educativa e rendibilizar os recursos didácticos.

Dende que chegou, fixo moitas obras. ¿Cal pensa que é á que máis rendemento sácanlle os alumnos?
 - Á unión dos dous edificios porque favorece a funcionalidade e o aproveitamento dos espazos aínda que tamén é importante a obra de usos múltiples e comedor, a reparación do patio cuberto e a mellora da biblioteca.

¿Pensa que si o comedor ten acollida, o curso que ven haberá máis nenos matriculados?
 - Eu coido que aumentará o número de usuarios deste servizo cando se consolide definitivamente o seu funcionamento.

¿Lévase ben con tódolos profesores?
 - Por suposto porque todos formamos parte da familia educativa do centro.

¿Gustaríalle que o colexio seguira aberto durante moitos anos?
 - Permanecerá aberto por tempo indefinido; as persoas pasamos pero as institucións mantéñense.

¿Coida vostede que foi un bo director e por iso pensa seguir no colexio?
 - Inténtoo pero tamén son consciente de que cométense erros que é preciso ir corrixindo.

¿Afeitárase por unha aposta?
 - Non me afeitaría por unha aposta aínda que non me importaría facelo por unha boa causa.

¿Qué lles impulsou a construír un comedor no colexio?
 - É un programa piloto para atender unhas demandas sentidas e expresadas polos pais e hoxe convértense en demandas satisfeitas.

¿Podría poñer máis excursións para os alumnos do colexio?
 - Este colexio xa ten un amplísimo programa de saídas pero sempre estaríamos dispostos a programar todas aquelas que supoñan aprendizaxe para os nosos alumnos.

Hai moitos concursos educativos en programas de televisión e moitas copas de fútbol para a nosa idade. ¿Por qué o noso colexio nunca participa?
 - Supoño que non o han demandado os alumnos aos profesores ou porque non ofrecen garantías de desenvolvemento e de seguridade.

¿Qué lle parece que quedásemos sen sala de usos múltiples?
 - Non nos quedamos sen sala de usos múltiples. Simplemente que compatibilizamos có comedor e, precisamente, o día do intercambio có colexio de Hío celebramos un festival ó que asistiron cento trinta alumnos.

¿Por qué non nos dades rifas para vender e así conseguir diñeiro para as excursións de fin de curso?
 - Porque non consideramos que sexa a forma máis axeitada de recadar fondos xa que non enriquece didácticamente ós alumnos.

¿No futuro, ten algunha idea máis para mellorar o colexio?
 - Sempre se poderá mellorar aínda que o máis urxente é contar cun espazo cuberto para que os alumnos de infantil poidan saír ó recreo os días de chuvia; instalar ascensores ou escaleiras mecánicas; converter o laboratorio en aulas e arranxar os baños.



O MAGOSTO



Ricas castañas



Bo apetito



Xogos divertidos



Ingredientes necesarios para celebrar un bo magosto



~ As Castañas Aventurieras ~

Había unha vez, no alto dun castiñeiro, dúas castañas nun ourizo

que estaban a falar.

Margarida, que era unha delas, dixo:
- ¡Xa estou farta! ¡Non o aturo máis! Polas noites non dou pegado un ollo por culpa de que o ourizo está xa a piques de abrir por completo e entra a luz da Lúa.

E a súa compañeira, Rosiña, comentou:
- Pois a min o que che me pasa é que non podo durmir porque teño medo de que os cativos e cativas de Campolongo veñan apanhar castañas e me coman.

As dúas amigas continuaron a charlar e a contarse os seus problemas ata que se fixo de día. De súpeto, pola mañá cediño:

- ¡Aaaaahhh!

¡Plaff!! As pobres castañas caeron ao chan e Rosiña, case chorando, dixo:

- ¡Ai, non pode ser! ¡Imos morrer asadas no forno!

E Margarida consolouna deste xeito:

- Acouga. Ao mellor o Señor Vento nos empurra cara a outra árbore que non sexa un castiñeiro e alí xa non nos atopan. Agarda e verá.

Paradas unhas tantas horas non se moveran nin un chisco e Rosiña seguía a queixarse, porque pensaba que ían morrer sen remedio.



Margarida, que quería animar á súa amiga, dixo entón:
- ¡Que lle imos facer! Polo menos poderemos morrer cantando iso de:

♪ "A barbacoa, a barbacoa, ¡como me gusta a barbacoa! A barbacoa, xa está aquí" ♪

♪ "A barbacoa"

Sen embargo, a Rosiña isto non lle pareceu moi divertido e púxose a chorar:

- ¡Buaaaa, buaaaaa...!

Esa mesma tarde, despois de moitos días de sol, as nubes decidiron por fin que xa era hora de descargar toda a auga que tiñan dentro. Ao notar que se mollaba, Margarida púxose moi contenta e berrou:

- ¡Que ben! ¡Se chove ninguén virá a apanhárnos!

Pero Rosiña, que era bastante difícil de convencer, contestou:

- Non te fagas ilusións. Un día, cando aínda estábamos no noso querido ourizo, vin como a xente parecía baixo a choiva tapándose cunha cousa semellante a un cogomelo. Así que hoxe tamén che pode vir alguén por aquí e pillarnos.

Parecía que ese alguén estivese a escoitar porque, parado un anaco, viron aparecer a unha nena que levaba un paraugas verde. Camiñaba lentamente e miraba ao chan, como se buscase algunha cousa.

- ¡Psst! Imos quedar quietiñas, a ver se non se dá conta de que estamos aquí - murmurou Rosiña.

O plan das nosas protagonistas non deu resultado, pois, en canto a nena se achegou un pouco máis a





elas, deseguida chamaron a súa atención. Nunca vira dúas castañas tan grandes nin tan bonitiñas. Por iso, sen o dubidar nin un segundo, apañounas con moito coidado e meteunas no peto para levarlas para a súa casa.

Rosiña e Margarida tiñan tanto medo que non puideron abrir a boca en todo o camiño.

Soamente miraban unha cara á outra cos ollos cheos de bágoas.

Ao chegar á súa casa, Lucía, (que así se chamaba a nena), díxolle á súa mamá:

- ¡Mira, Silvia! ¡Mira o que atopei en Campolongo!

- ¡Guassuuuu! ¡Que grandes son!

¿Por que non lle pides a mamá que as axe para a cea?

- ¿Que? ¡Nanai da China! ¡Estas castañas son miras e vou facer con elas o que se me antolle!


E dando a volta, levounas para o seu cuarto.

As nosas amigas estaban aterradas e non paraban de estremecerse. Se non as ían axar, ¿que era o que lles agardaba? ¡Seguro que aquela cativa perversa lles tiña preparado un final aínda máis terrible!

- ¿Non tes agora ningunha das túas enxeñosas ideas? - preguntou Rosiña á súa compañeira, pero xa imaxinaba a súa resposta.

- Síntoo, non se me ocorre nada - contestou ela.

Entón, viron como a nena sacaba unha caixa dun baúl e a deixaba sobre unha mesa. Non lles deu tempo a imaxinar para que a querearía, xa que, de repente, colleu a Rosiña e púscoa



tamén envubs da mesa. Rosiña berraba:

- ¡Socorro! ¡Auxilio!

Pero a nena non a escoltou, porque as castañas teñen unha voz especial que os seres humanos non podemos oír.

Lucía abriu a caixa e sacou uns botes pequeniños, destapounos e meteu un pas nun deles. Despois, arriñou aquel obxecto misterioso a Rosiña e... ¡fíxolle cócegas! O certo é que o que aquela nena estaba a facer lle parecía moi agradable, así que pouco a pouco foi quedando máis tranquila. De alí a un momento, colleu a Margarida e repetiu o mesmo con ela: pasos mollados nos botes, cócegas ao pasarllos pola cara e unha sensación de gran gustiño.

Cando rematou, Lucía exclamou:

- ¡Estades preciosas!, e iso que normalmente non presumo de facer ben as cousas.

Deixou secar a pintura e logo colocounas nun andel do cuarto.

As dúas castañas decatáronse de que o seu aspecto mudara moito, pero non lles importou e decidiron que aquel era un bo lugar para quedarse a vivir. Ademais, fixeron novas amizades, xa que cando aquela cativa nada perversa se poñía a xogar cos súas muñecas, sempre se acordaba delas e as collía para que fosen as protagonistas das historias que inventaba.



E, colorín, colorado, o conto "As Castañas Aventuradas" ten rematado. Desde unha árbore ao chan, desde o chan ás mans dunha nena que os tratou con primor, cóntame ti outro relato se é que o sabes mellor.

~FIN~

Aldara Otero López (3º D)

O CEIP DE CAMPOLONGO, UNHA ESCOLA SEN FRONTEIRAS



Un dos eixes que identifican o ideario do centro é a apertura ao exterior para aproveitar e rendibilizar todos os posibles espazos con potencialidade de converterse en recursos didácticos para a nosa comunidade educativa.

Ao longo do presente curso escolar organizáronse actividades externas que contribuíron a mellorar a calidade de ensino. Entre as máis destacadas temos que nomear:

- O intercambio co colexio de A Lama (unha convivencia en Cotorredondo, na que participaron a totalidade dos alumnos de infantil dos dous colexios).
- As convivencias dos alumnos/as de segundo de Campolongo e de primeiro ciclo de E. Primaria do colexio de Hío. Os de Pontevedra visitaron Hío e os de Hío devolveron a visita participando en actividades conxuntas.
- Intercambio co colexio Froebel, no que tomaron parte os alumnos de Educación Infantil dos dous centros, con unha degustación de froitos organizado polo colexio Froebel e intercambios de actividades e agasallos por parte de alumnos/as.

Tamén temos que suliñar a colaboración entre a Residencia de Maiores de Campolongo e o colexio, cun ciclo de conferencias que pronunciaron os residentes de Campolongo aos alumnos de 5º e 6º do colexio sobre os seguintes temas: "Encontros e desencontros entre a emigración e a inmigración", "Vida e obra de Mozart", "O protocolo en Pontevedra", "Oficios e profesións en desuso", "A vida social en Pontevedra", "A formación en valores".

Outras actividades externas nas que o colexio de Campolongo foi protagonista foron:

- Congreso de Escolas UNESCO en Zaragoza
- Programa de Cidades da Infancia
- Escolas Viaxeiras coa ruta de Toledo para os alumnos de 4º C
- Colaboracións especiais coa Asociación Arte-Mate, coa Asociación Española da Camelia e coa Comisión de Festas de San Xosé de Campolongo.

Outras actividades que podemos considerar experiencias piloto e que resultaron de grande interés foron as convivencias entre pais e fillos/as de 5 anos ao longo dun fin de semana na Granxa Kiriko en Fornelos de Montes e a viaxe ás Illas Cíes, na que participaron máis de 150 membros da comunidade educativa.

Dentro do apartado de relacións exteriores debemos destacar tamén a visita ao colexio da Conselleira de Educación, acompañada do Delegado de Educación, do Alcalde de Pontevedra e do Concelleiro de Educación, para facer unha valoración das necesidades do centro.

Tamén tivemos unha avaliación externa da calidade educativa do colexio por parte da Universidade de Santiago, que aparece recollida nunha recente publicación do ICE que pode ser consultada no colexio, no que o centro acada unha nota máis que satisfactoria.

No colexio recibimos a visita de becarios arxentinos do programa IGE (Intercambio de Grupos de Estudiantes) que se interesaron pola nosa metodoloxía de traballo.

Temos que destacar, como non, a posta en funcionamento do servizo de comedor escolar, do que fan uso máis de cen alumnos do colexio Crespo Rivas e do noso.

Saídas educativas e actos



A Lama



Contacontos



DÍA DA PAZ (no cole)



e en Principe Felipe



Entroido



Fala de Federico de la Peña